

	Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo ACTA
---	---

Data	1/06/2022		
Lugar	Salón de Actos do Edificio Administrativo do Auditorio “Mar de Vigo” Pranta 4ª, Avda Beiramar nº 59		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	19:27h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Vicepresidente: Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Raquel Carballo Coello • Xoan Xosé Santos Costa • Santiago Rodríguez Sánchez - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Mª Bertila Fernández Pérez • Pedro Xosé Castañón Valls • Joel Covelo Gallego - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Pilar Álvarez Rey • María Aurora Alonso Suárez de Miera • Antonia Céspedes Balongo • Antonio Vázquez Vázquez 		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Presidente: Gorka Gómez Díaz • Sector docente: Emma Iglesias Albor • Sector docente: Leonor Gala Torres Sabín • Sector docente: Jose Manuel Pérez Rodríguez • Sector docente: Isabel Lago Schramm • Sector docente: Miguel Ángel López González • Sector docente: Juan Ignacio Herrero Álvarez • Sector docente: Yolanda Benito de Tapia • Sector usuarios: Iria Salvande Lorenzo • Sector usuarios: Yolanda González Larrañaga 		

1



	<ul style="list-style-type: none"> • Sector usuarios: Egoitz Rivas Ibarretxe • Sector usuarios: Sergio Pico González • Sector usuarios: Zerihum Luis Feijoo • Sector social: Óscar Álvarez Gallego • Sector social: Isabel López Lorenzo
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Sector usuarios: Leticia Caldas Filgueira • Sector usuarios: Alfonso Otero Guinea • Sector social: Isabel Quintas Juncal • Sector social: José Manuel Rodríguez Lago • Sector social: Eladio Fernández Pérez • Sector social: José Álvarez Carpintero
Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

- 1.- Aprobación da acta anterior, se procede.
- 2.- Informe da Presidencia do CEMV.
- 3.- Informes da actividade das Comisións de Traballo do CEMV.
- 4.- Propostas de mocións:
 - 4.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre alumnado con NEAE.
 - 4.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre educación emocional.
 - 4.3.- Moción da FOANPA polo sector usuarios/as, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as deficiencias estruturais e de equipamentos do IES Alvaro Cunqueiro.
 - 4.4.- Moción da FOANPA polo sector usuarios/as, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o muro do IES Santa Irene lindante co Complexo Deportivo Municipal das Travesas.
 - 4.5.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a oferta da modalidade de Bacharelato Xeral.

2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 2 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.6.- Proposta de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre o Plan de Potenciación da Formación Profesional Galega.

4.7.- Proposta de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre empresas que non teñan en vigor o Plan de Igualdade e o acollemento de alumnado de FCT e Ciclos de FP Dual.

4.8.- Proposta de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a existencia á Admón Educativa

Competente para que dea resposta ás mocións do CEMV.

4.9.- Moción de Joel Covelo Gallego, Conselleiro polo sector usuarios, representante do alumnado, a través da Comisión do alumnado sobre o funcionamento dos Consellos Escolares de centro.

5.- Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

O secretario informa de que o Presidente non poderá asistir, será substituído polo Vicepresidente, Antonio Vázquez.

1.- Aprobación da acta anterior, se procede.

O Secretario informa de que se produciu un erro e a Acta que debía ser aprobada neste Pleno non se enviou, polo cal pide desculpas. Informa de que no seguinte Pleno que se realice se someterán a aprobación as dúas actas que quedan pendentes.

2.- Informe da Presidencia do CEMV

Antonio Vázquez procede a dar o informe da Presidencia. Comeza lembrando que no último Pleno se presentaron diferentes mocións que ían dirixidas á Administración Educativa: sobre actualización da zonificación escolar de Vigo, a ampliación da oferta da Escola infantil da Cidade de Xustiza, a necesidade de garantir a FCT ao alumnado FP Básica, sobre as prazas alumnado con NEAE, sobre a actuación no ámbito educativo seguindo os principios de Paz e Xustiza e sobre as medidas polo tema saúde mental na escola e pola nova situación provocada pola pandemia. Explica que foron remitidas todas elas á Administración Educativa Competente (Conselleiro de Educación, Xefe Territorial e Delegada da Xunta en Vigo). Explica que non se obtivo resposta algunha a estas mocións.

A moción da zonificación escolar de Vigo tamén foi remitida á Valedora do Pobo segundo se aprobou na Comisión Permanente e a da FCT do alumnado de FP Básica tamén foi

3



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:41

Páxina 3 de 22

24898-332

CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

remitida á Confederación de Empresarios, Sindicatos, Cámara de Comercio, Zona Franca, Autoridade Portuaria...

Continúa facendo referencia ás intervencións saliantables nos centros de ensino de Vigo. Neste sentido, lembra que o Concello ten investido nos últimos tres anos 27,4 millóns en conservación e mantemento dos centros de ensino público de educación infantil e primaria e 4 millóns de euros se teñen dedicado a obra de nova execución, tendo en conta que o 80% destas obras executadas polo Concello son competencia da Xunta.

Di que se teñen investido preto de 3 millóns de euros para cubrición de patios escolares de 10 centros. Destes xa están rematados 7 centros nos que se investiu 1.916.000€: Ceip Alfonso R. Castelao, Ceip Virxe do Rocío, Ceip Cabral-Carballal, Ceip García Barbón, Ceip Canicouva- Pereiró, Ceip Balaídos, Ceip Pintor Laxeiro. Explica que ademais xa están aprobados, por valor de 700.000€ os de EEI Vilalaura e Ceip Frián Teis e que está en proxecto o do Ceip Javier Sensat no que se investirán 322.143,90€

En canto á reparación de pistas polideportivas, accesos e ximnasios, acometéronse obras en 16 centros. No ano 2020 en 4 centros (Igrexa Candeán, Gª Barbón, Otero Pedraio, Canicouva), no 2021 en 6 centros (Beade-Coutada, Carballal, Sello, Eduardo Pondal, Escultor Acuña, Josefa Alonso) e no 2022 en 6 centros (Bembrive-Mosteiro, Fonteescura, Celso E Ferreiro, Chouzo, Sobreira, Fléming).

No referente a reparación de patios de xogos infantís, fixéronse obras en 8 centros. No ano 2020 en 4 centros (Bembrive-Chans, Fonteescura, Illas Cíes, V. Risco), no 2021 en 2 centros (Doblada, EIM Sta. Cristina) e no 2022 en 2 centros (A.R. Castelao, EIM Navia).

Ademais remodeláronse 42 baños, aseos e vestiarios e dotouse de xogos e elementos lúdicos para patios de tódolos centros de ensino.

En canto á Rede de Escolas Infantís Municipais de 0-3 anos, dicir que conta con 9 equipamentos con preto de 500 nenos/as matriculados. Os servizos de atención educativa, comedor, equipo de atención temperá (orientación e gabinete psicopedagóxico) son totalmente gratuítos financiados polo concello.

Respecto á EIM da Praza da Industria informa de que está prevista adxudicar a obra na Xunta de Goberno Local o vindeiro 9 de xuño, e cóntase cun período estimado de execución de 4 meses, polo que nos últimos meses deste ano estaría rematada.

Sobre o programa municipal de inmersión lingüística “Vigo en inglés”, dicir que as tres xeracións pertencentes ás convocatorias de 2020 e 2021 pospostas pola Covid máis a do 2022, realizarán a súa estadía lingüística en Reino Unido ou Irlanda, en xullo, setembro e

4



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:41

Páxina 4 de 22

24898-332

CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

outubro de 2022. Finalmente o Concello seguirá garantindo que teña praza todo aquel alumno/a solicitante que cumpra os requisitos da convocatoria. O investimento nas 14 edicións deste programa municipal ascende a 18 millóns de euros para a participación de 8.000 alumnos/as.

O Vicepresidente informa de que se desenvolveu o programa educativo “Unha xanela aberta á ría de Vigo”, uns percorridos didácticos pola Ría de Vigo guiados por unha equipa de monitores especializados, realizados no barco oceanográfico “Nautilus”. Explica que é un barco especialmente preparado para a divulgación e interpretación do medio mariño, dotado con medios tecnolóxicos avanzados como o drone ou robot submarino “Nemo” que permite observar a riqueza dos fondos mariños dun ecosistema de diversidade biolóxica único no mundo como a Ría de Vigo. A participación neste programa foi un éxito, fixéronse 47 visitas didácticas coa participación de 50 centros educativos e preto de 2.300 escolares de 5º e 6º de educación primaria.

Comunica que se ampliou o horario de estudo da biblioteca da UNED, dotada con preto de 400 postos. Para dar resposta ás necesidades de ter lugares de estudo na época de exames, amplía o seu horario de 09:00 a 24:00 hs tódolos días (incluídos festivos e fins de semana), ata o vindeiro 15 de xullo.

Por último remata informando acerca do estado da demanda dos centros educativos para participar nas XORNADAS MUNICIPAIS DE ORIENTACIÓN ESCOLAR que organiza este Consello. Di que polo momento hai moi pouca demanda, polo que se fai necesario facer un esforzo para propiciar a participación, polo que lle pide a tódolos presentes que falen con aqueles centros cos que teñan algunha relación, para explicarlles a importancia de participar neste foro para o alumnado. Di que neste momento só hai 312 alumnos/as dos seguintes centros:

IES Santa Irene	190 ALUMNOS/AS
IES A Guía	51 ALUMNOS/AS
CPR Padre Míguez “Calasancias”	40 ALUMNOS/AS
CPR Don Bosco	22 ALUMNOS/AS
CPR Atlántida	9 ALUMNOS/AS
TOTAL: 5 CENTROS EDUCATIVOS	312 ALUMNOS/AS

Explica que polo menos deberían haber apuntados uns 800 ou 900 alumnos/as, e que foi por isto polo que se programou no Mar de Vigo.

Rematado o informe, o secretario pregunta aos asistentes se teñen algunha dúbida ao

5



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:41

Páxina 5 de 22

24898-332

CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

respecto.

Raquel Carballo pregunta acerca da EI da Praza da Industria, quere saber porque se está retrasando tanto o proceso. Pedro M^a Vázquez explica a licitación comezou en tempo e forma pero que houbo unha baixa temeraria que houbo que resolver e agora xa por fin se vai adxudicar a execución da obra e esta farase o 9 de xuño. A estimación que hai en principio de duración da obra é de 4 meses, polo que se espera que a finais de ano estea rematadas.

3.- Informes das comisións de traballo do CEMV.

Informe da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Santiago Rodríguez presenta o informe:

Na Comisión de Equipamentos seguimos pendentes de observar algún avance concreto, ou se quer resposta, nas demandas da Comunidade Educativa aprobadas e transmitidas nos últimos plenos do Consello Escolar Municipal:

- necesidade recoñecida dun IES en Navia,
- necesidade de reordenación das zonas de escolarización,
- necesidade de ampliación dos recursos actuais especialmente para atender a diversidade.

Outros asuntos abordados pola Comisión teñen que ver coas taxas de finalización da FP, coa implantación do bacharelato xeral en Vigo, cos plans de igualdade nas empresas con alumnado facendo a FCT, co funcionamento dos Consellos Escolares e con deficiencias nos equipamentos dos centros como no IES Álvaro Cunqueiro ou no IES Santa Irene.

Informe da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa:

Bertila Fernández presenta o informe:

Desde a Comisión Pedagóxica seguimos traballando na organización das xornadas do CEMV que este ano se centrarán orientación do alumnado.

Destinatarios: Alumnado de 4º da ESO e 1º de BACH. A proposta é a que segue:

Lugar: Auditorio Mar de Vigo

Data: 13 de xuño

Horario: 10:00 a 12:30

Formato: Mesa redonda

Relatores

- "Auto-orientación académica". Daniel Veiga Martínez. Orientador educativo.
- "Xestión do Talento". M^a Ángeles Cortés de Dios. Educadora social e psicopedagoga.

6



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:41

Páxina 6 de 22

24898-332

CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- "Motivación". Raquel Predouso. Coach executiva e motivadora.

Ademais disto, desde a comisión seguimos a traballar en cuestións que consideramos imprescindibles para o que presentaremos neste Pleno catro mocións sobre os seguintes temas: intelixencia emocional, futuro do alumnado NEAE, expulsión alumnado NEAE e educación inclusiva.

Bertila Fernandez lembra que se fixo un gran esforzo para sacar adiante as xornadas e que por iso se pide o esforzo a todos para que se consiga traer o maior número de alumnado posible, xa que vai ser unha xornada moi interesante e sería unha pena desaproveitala. Comenta ademais que na comisión seguen a traballar polo benestar do alumnado e para iso vanse pedir sempre tódalas melloras que se poidan levar a cabo no modelo educativo. Por último fai unha chamada á comunidade educativa para que todas e todos fagan un esforzo por seguir traballando. O Cemv é un foro importantísimo no que está representada toda a comunidade educativa e dálle a sensación de que están perdendo forza, que cada un vai polo seu lado e que falta traballo conxunto e comunicación. Di que para poder traballar por un ensino de calidade teñen que unirse e coller forzas, agora mais que nunca. Di que ten que haber relevos que aposten polo ensino, e manifesta estar moi contenta pola incorporación do alumnado e da creación deste grupo de traballo.

Informe da Comisión do Alumnado:

Joel Covelo presenta o informe:

Desde a Comisión do alumnado seguimos a traballar seguindo o plan establecido a inicio de curso.

O pasado 16 de febreiro reunímonos co alumnado de diferentes Centros Educativos da cidade co obxectivo de dar a coñecer o labor deste órgano colexiado e presentar aos representantes do colectivo do alumnado no seu seo. Ademais, aproveitamos para recoller aquelas inquiredanzas e propostas dos compañeiros e compañeiras para poder darlle traslado a través deste órgano ás administracións competentes.

Moitas destas inquiredanzas foron transmitidas na reunión que mantivemos o 18 de abril coa Concelleira de mocidade e co responsable da APP Vigo, todas elas foron gratamente contestadas e atendidas. Nesta xuntanza fxemos certas propostas, que considerabamos necesario aplicar no ámbito da xuventude.

Na xuntanza coa Concelleira de mocidade un dos tema a tratar foi a falta de comunicación entre Concello e xuventude e a falta de canles de información, que a mocidade viguesa ve completamente necesarios para coñecer toda a oferta de actividades e que na gran parte das

7



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 7 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

veces non soe chegar a eles. Por iso pedímoslles que se fixera difusión a través de centros escolares, redes sociais,... e ter así un contacto moito mais fluído coa mocidade. Tamén lles transmitimos certas propostas de ocio que a mocidade bota en falta na cidade. Pola súa banda, a Concelleira de mocidade informounos dos futuros acontecementos relevantes para a mocidade que se levarán a cabo na cidade.

No que refire a APP Vigo o que lles transmitimos, co que estaban completamente de acordo con nós, é a falta de visibilidade e coñecemento que ten a cidadanía, e especialmente a mocidade, sobre esta aplicación. Propuxemos certas melloras que quizais poderían facela mais útil, manexable e chamativa para nós e que así ninguén poida perder as oportunidades que oferta a nosa cidade, e que no futuro seguirá a aumentarse.

Por outra banda, esta comisión segue traballando polas demandas que os nosos compañeiros nos achegaron, por iso agora presentamos unha moción a cerca do grave problema de funcionamento que estamos a ver nos consellos escolares do centro. E para conseguir unha maior fluidez na comunicación con eles esperamos poder facer pronto o noso percorrido polos centros, para presentarlle este tan importante Órgano aos representantes do alumnado nos consellos escolares cos que non puidemos contar na anterior xuntanza e así pormos á súa disposición para calquera demanda que vexan necesaria e a poidamos estudar e no seu caso trasladar ás administración ou órganos competentes.

4.- Propostas de mocións:

4.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre alumnado con NEAE.

Bertila Fernández presenta a moción:

ANTECEDENTES:

“Galicia volve ser a comunidade co ensino máis inclusivo, cun 93,6% do alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centro ordinarios”. Así comezamos o mes de maio, cun dato abrumador do que gabarse.

Porén, a realidade que vivimos día a día na escola non é para mostrar orgullo, senón máis ben preocupación e inqueda. O ensino galego non é inclusivo, en todo caso, é integrador, pero non inclusivo, vulnerando deste xeito o dereito de todo o alumnado a unha educación inclusiva. Ademais, hai que ter en conta que dentro desta porcentaxe se contabiliza ao alumnado en escolarización combinada e isto, non é inclusión.

Está claro que o primeiro paso cara a inclusión está dado, o alumnado con NEAE está nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 8 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

centros, pero en que condicións está? Recibe a atención que precisa? Está a participar en igualdade de condicións?

A realidade é que faltan recursos, falta accesibilidade, falta formación, falta implicación, falta comunicación. 4.000 profesionais para a atención á diversidade fanse claramente insuficientes para atender a 16.695 estudantes NEAE.

Só hai que escoitar ás familias, ó alumnado ou analizar algún dato. Por exemplo, a taxa de abandono escolar do alumnado NEAE é dun 43,2% (Informe Olivenza 2017). Ou tan só o 1,5% de persoas con diversidade funcional está na universidade (“Estudio Universidad y Discapacidad” promovido pola Fundación Universia, a Fundación ONCE, a Confederación de Universidades Españolas -CRUE-, o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade – CERMI- e o Real Patronato sobre Discapacidade).

A súa integración nas aulas implica cambios metodolóxicos e pedagóxicos para que a súa atención sexa a axeitada, tendo en conta tamén a atención a todo o grupo.

Porén, os cambios precisos non van ao ritmo desexado, facendo que o sistema educativo non dea resposta ás necesidades do alumnado, o que provoca condutas e comportamentos que se consideran “pouco axeitados”.

E estas condutas “pouco axeitas” teñen consecuencias disciplinarias. O alumnado NEAE está a sufrir estas consecuencias con expulsións do centro de ata dúas semanas, pero son estas medidas eficaces? Son xustas? Tense en conta o diagnóstico da crianza para entender a súa conduta? Faise algo para evitar esta conduta?

A resposta a estas preguntas é NON. Non son medidas eficaces, non son medias xustas, non se ten en conta o diagnóstico da alumna ou alumno á hora de tomar medidas e non se traballa para evitar estas condutas.

Se non temos a capacidade de darlle solucións e alternativas ás súas necesidades estamos a abocalos a un futuro incerto no ámbito persoal, laboral e social.

Que sería de Albert Einstein, científico autor da teoría da relatividade, se non tivese a oportunidade de desenvolver uns estudos para acadar resultados como o que tivo; de Isaac Newton, físico; de Charles Darwin, científico; Amadeus Mozart, músico e compositor; Ludwig van Beethoven, músico e compositor que con xordeira creou tanta beleza musical; de Stephen Hawking, físico que coa súa diversidade desenvolveu grandes teorías.

Para acadar un ensino verdadeiramente inclusivo o alumnado ten que estar, ten que participar, ten que progresar e ten que pertencer. O sentimento de pertenza a un grupo, a un proxecto, a unha comunidade... é o que vai marcar a diferenza e vai ser o indicador máis fiable dun ensino de calidade.

Para isto é preciso un cambio de mirada. O alumnado con diversidade funcional ten os mesmos dereitos que as súas compañeiras e compañeiros e non é unha carga, senón unha oportunidade. Oportunidade para convivir, para educar en valores, con empatía, para coñecer outras formas de vivir, de sentir, de comunicar, de ser, de facer.

Fan falla recursos, suficientes, formados e coordinados. Recursos que estean onde están as necesidades e no momento no que son precisos, sen demoras.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 9 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TEXTO:

Polo exposto solicitamos á Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

- Que aposte por un ensino inclusivo de calidade, dotando dos recursos necesarios e establecendo estratexias inclusivas reais, entendendo ó alumnado con NEAE como suxeito de dereitos.
- Que estableza unha estratexia clara e xusta para traballar por unha convivencia positiva nos centros de ensino, tendo en conta os condicionantes de cada alumna e alumno.
- Que sensibilice e forme ó profesorado para entender as condutas do alumnado con NEAE, traballar sobre elas e previr situacións incómodas e complicadas.
- Que poña os medios necesarios para non cercenar o futuro das crianzas, especialmente das crianzas con NEAE.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre alumnado NEAE

4.2.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da FOANPA, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre educación emocional.

Bertila Fernández presenta a moción:

ANTECEDENTES:

Dende fai varios anos, a xestión das emocións cobrou grande importancia. Os métodos de ensino e a educación proporcionada polas familias tamén mudou, sendo outras as prioridades e métodos.

Así, a xestión das emocións está na base da educación e do benestar das crianzas, entendendo que sen saúde emocional a aprendizaxe queda mermada e as relacións interpersoais vense afectadas.

Faise necesario entón, atallar este tema para previr situación difíciles, dolorosas e complicadas que se están a dar na actualidade: frustración, estrés, ansiedade, etc. A educación emocional ten que estar na base da saúde física, mental e social do alumnado.

TEXTO:

Polo exposto solicitamos:

- Á Consellería de Cultura, Educación e Universidade que estableza unha estratexia para incluír a educación emocional nas aulas, dotándoa dos recursos necesarios.
- Ó Concello de Vigo a posta en marcha de programas educativos e de ocio nos que se teña en conta a educación emocional.



Bertila explica que as familias lle trasladan cada día situacións complicadas que se producen no ámbito familiar. Temos o problema do suicidio, que cada vez maior e hai que facer máis prevención, e co protocolo actual non chega. Di que se están a producir verdadeiras traxedias familiares.

Joel Covelo, comenta que eles detectan moitos problemas de saúde mental entre o alumnado, hai suicidios, intentos de suicidio,... pero tamén todo tipo de problemas de que afectan a saúde mental, ansiedade, depresións,... e hai que por solución xa a estes problemas. Di que desde a Comisión do alumnado están totalmente de acordo coa moción e así queren que conste.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre educación emocional

4.3.- Moción da FOANPA polo sector usuarios/as, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre as deficiencias estruturais e de equipamentos do IES Alvaro Cunqueiro.

Pedro Xosé Castañón presenta a moción:

ANTECEDENTES:

O IES Álvaro Cunqueiro, ubicado na rúa Porriño en Coia, ven padecendo unha serie de deficiencias nas súas instalacións que dende a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (CCEU) nin son atendidas e arestora nin tan sequera contestadas.

- Carencia de ascensor. Reclamación de moitos anos á Xunta de Galicia. Inicialmente daban unha negativa por resposta. Agora mesmo... silencio.
- Troco de fiestras. Ao igual que acontece co aparello elevador é unha reclmación que ven de atrás. No ano 2020 chegaron prometer a cantidade de 70.000 euros para empezar coa renovación das mesmas pero nunca máis se soubo.
- Renovación de teitos. Non se saben/non contestan
- Illamento térmico do edificio. Semella que non entra nos seu plans

Dende a ANPA Merlín do IES Álvaro Cunqueiro foron solicitadas con reiteración

11



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:41

Páxina 11 de 22

24898-332

CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

reunións coa Unidade Técnica, Inspección Educativa, xefatura territorial da CCEU en Pontevedra e máis Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo.

TEXTO:

Polo tanto dende FOANPAS instamos á CCEU a que atenda de inmediato as deficiencias estruturais e de equipamento do IES Álvaro Cunqueiro facendo fincapé, por seren perentorias, no ascensor e nas fiestras.

Acordo
 Apróbase por unanimidade a moción sobre as deficiencias estruturais e de equipamentos do IES Álvaro Cunqueiro.

4.4.- Moción da FOANPA polo sector usuarios/as, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre o muro do IES Santa Irene lindante co Complexo Deportivo Municipal das Travesas.

Pedro Xosé Castañón presenta a moción:

ANTECEDENTES:

As instalacións do IES Santa Irene, ubicado na Praza de América, son lindantes co Complexo Deportivo Municipal das Travesas.

Nun dos seus patios existe un muro, que fai de extrema común entrambos, cunha porta de acceso ao recinto deportivo e que arestora non está habilitada. O devandito muro amosa unhas gretas preocupantes que fan temer pola estabilidade do mesmo e, polo tanto, pola seguranza tanto da comunidade educativa do instituto coma das persoas usuarias do complexo.

Dende o Consello Escolar teñen contactado hai poucos meses co Servizo de Atención Cidadá para dar parte desta situación. Non consta ata agora información ao respecto da necesaria reparación das fendas nesa parede.

TEXTO:

Dende FOANPAS solicitamos ao Concello de Vigo que pola seguranza, tanto da comunidade educativa coma das persoas usuarias, proceda ás obras necesarias para garantir o bo estado e o equilibrio do muro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 12 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre o muro do IES Santa Irene lindante co Complexo Deportivo Municipal das Travesas.

4.5.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a oferta da modalidade de Bacharelato Xeral.

ANTECEDENTES:

Como consecuencia da entrada en vigor dunha nova lei de educación aprobada xa, e que se aplicará no vindeiro curso académico nos centros educativos, na etapa de bacharelato a maior novidade é a creación dun novo bacharelato, denominado “Xeral”.

Este novo bacharelato deberá de formar parte da oferta educativa dos IES galegos e vigueses. Pero o certo é que a tardanza na aprobación do desenvolvemento da Lei, dado que o Real Decreto que establece a Ordenación e as Ensinanzas Mínimas foi publicado no BOE o 6 de abril de 2022, e aínda queda por aprobar por parte da Consellería de Educación e Ord. Universitaria a súa adaptación a Galicia, fai que rematado o segundo trimestre do presente curso académico e realizada xa a preinscrición do alumnado para o curso 2022-23, as familias descoñezan en que centros se vai a impartir este novo bacharelato. Para complicar máis a situación e aumentar a incerteza, a Consellería non ten feito públicos os centros nos que se podería cursar o referido bacharelato. Porén, un medio de comunicación local recollía recentemente nas súas páxinas que serían dous centros da cidade os que impartirían dita modalidade; non podendo saber as familias interesadas se tal noticia é un rumor ou unha filtración.

Asemade, se tales centros foran os únicos que impartirán o Bacharelato Xeral daríase unha situación na que dito bacharelato só se podería cursar en dúas zonas próximas entre si da cidade e obrigaría a un desprazamento considerable a posible alumnado interesado de outras zonas ou barrios. E debemos lembrar que o alumnado de bacharelato, ó non ser ensinanza obrigatoria, non ten dereito a transporte escolar gratuíto.

TEXTO:

Diante disto o CEMV solicita

1. Que a maior brevidade posible se divulgue a oferta desta modalidade na cidade.
2. Que a oferta contemple, cando menos, un centro por zona educativa para reducir o desprazamento do alumnado interesado.

13



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:41

Páxina 13 de 22

24898-332

CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

3. Que se dote aos Centros educativos cos medios precisos para a impartición do bacharelato xeral.

Da mesma maneira, Este Consello considera que vai ser necesaria, posiblemente, unha reordenación da oferta de bacharelatos na cidade, co que, por enésima vez, temos que esixir a necesidade urxente dunha nova zonificación da oferta educativa da cidade que contemple tódolos estudos non universitarios.

Antonio Vázquez explica que cando se fixo a moción só se tiñan noticias desta distribución a través da prensa. Hoxe xa se sabe que en Vigo só vai a haber dous bacharelatos xerais, un no IES Santo Tomé e outro no IES Beade, o cal non é suficiente. E tamén se sabe que cidades con menos poboación coma Pontevedra, van a ter 4 bacharelatos xerais e en A Coruña fálase de 5. En Vigo so hai en dous centros e encima estes están relativamente cerca un do outro.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a oferta da modalidade de Bacharelato Xeral.

4.6.- Proposta de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre o Plan de Potenciación da Formación Profesional Galega.

ANTECEDENTES:

É sobradamente coñecido que a mellora relevante do prestixio da Formación Profesional facilitou que nos últimos cursos académicos a matrícula nos Ciclos de FP Básica, de Grao Medio e de Grao Superior aumentase significativamente. Porén, o Observatorio da Formación Profesional de Caixabank analizando datos publicados polo Ministerio de Educación presenta datos menos optimistas cando se analizan as taxas de finalización da FP (porcentaxes de finalización de ditos estudos).

Os datos referidos á porcentaxe de estudantes galegos que acaban os seus estudos de FP no curso 19-20 para Galicia son:

- F.P Básica: 67,66%
- FP Grao Medio: 53,58%
- FP Superior: 53,39%

Total F P: 54,82%.

Na comparativa con outras CCAA e as dúas Cidades Autónomas a situación galega é a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 14 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguinte:

- En FP Básica somos 2º cun 67,66% detrás de Navarra cun 68,92%
- En Grao Medio somos 15º cun 53,58%, sendo 1ª Navarra cun 72,14%.
- En Grao Superior somos 13º cun 53,39%, sendo primeira o País Vasco cun 71,36%.

En Total FP somos 14º cun 54,82 % de taxa de finalización, sendo primeira Cataluña cun 68,81%.

Outro dato revelador é a evolución no período 2013-14 /2019-20

Curso 2013-14	58,21%
Curso 2014-15	59,8%
Curso 2015-16	57,85%
Curso 2016-17	56,03%
Curso 2017-18	58,18%
Curso 2018-19	58,69%
Curso 2019-20	54,82%

(Datos extraídos de Caixabank Dualiza. (2022, 15 de abril). *Observatorio de la Formación Profesional*. <https://www.observatoriofp.com>)

Diante destes datos parece evidente que se require, cando menos, un proceso de análise en profundidade de cales poden ser as causas destes resultados que, dende logo, podemos cualificar de “manifestamentente mellorables”.

TEXTO:

Diante da situación que os datos indican, o CEMV demanda da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proceso de diagnóstico, análise e propostas de mellora nas que o Consello Galego da Formación Profesional debe ter un papel de primeiro nivel e no que se conte con tódolos sectores implicados no mundo da Formación profesional Galega, co obxectivo de conseguir un Plan de Potenciación da Formación Profesional Galega amplamente consensuado e nun tempo curto.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre o Plan de Potenciación da Formación Profesional Galega.

15



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:41

Páxina 15 de 22

24898-332

CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4.7.- Proposta de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre empresas que non teñan en vigor o Plan de Igualdade e o acollemento de alumnado de FCT e Ciclos de FP Dual.

ANTECEDENTES:

O Real Decreto-lei de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato de 7 de marzo de 2019, dáballe as empresas un prazo de tres anos para a posta en marcha do Plan de Igualdade. Por outra banda, o Plan de Igualdade é obrigatorio para as empresas de máis de 50 traballadores/as dende o recente 7 de marzo.

Neste momento están obrigadas a ter un Plan de Igualdade:

1. As empresas entre 50 e 100 traballadores/as teñen que elaborar o seu Plan de Igualdade para o 7 de marzo de 2022.
2. As empresas entre 100 e 150 traballadores/as deberían telo en vigor dende o 7 de marzo de 2021.
3. As empresas con máis de 150 traballadores/as deberían telo dende o 7 de marzo de 2020.

Por outra banda, as empresas con menos de 50 empregados e empregadas tamén deberán implementar un Plan de Igualdade cando así o esixa o convenio colectivo de aplicación no caso de que se teña imposto dita medida, en substitución dunha sanción, por parte da autoridade laboral competente.

Pois ben, malia a todo o dito, se calcula nun 80% a porcentaxe das empresas galegas que non teñen implantado o referido Plan de Igualdade. Deste dato dedúcese que a maior parte do alumnado que se matricula ben F.P. Dual ou que se matriculan nos Ciclos de Formación Profesional en centros educativos nos que o Plan de Igualdade está, practicamente, xeneralizado, realizan a F.C.T. en empresas que non contan, na inmensa maioría, con Plans de Igualdade.

TEXTO:

Diante desta situación, un tanto contradictoria, o CEMV insta á Xunta de Galicia a que aprobe unha medida que implique que as empresas que non teñan en vigor un Plan de Igualdade o 1 de xaneiro de 2023, non poidan, despois de dita data, nin acoller alumnado de FCT nin Ciclos de F.P. Dual.

Antonio Vázquez reitera que a citada lei é unha norma de obrigado cumprimento, desde o 7 de marzo do 2019. A igualdade é un dereito recollido pola normativa internacional e vivindo nunha democracia os dereitos teñen que cumprirse ou facerse cumprir. E se non se queren cumprir, pensa que con este tipo de medidas como a que propoñen, poden facer que as empresas se impliquen.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 16 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Antonio Estévez, estando de acordo co comentado por Antonio Vázquez, lembra que no anterior Pleno se falou da complexidade que había ás veces para atopar empresas onde o alumnado poida facer a FCT. Pensa que se se exclúen o 80% das empresas que segundo di a moción non teñen Plan de Igualdade, vai ser máis difícil atopar empresas para mandar ao alumnado a facer a FCT. É un problema que hai que resolver pero pensa que non desde a Consellería de Educación, facendo medidas de presión que acaben por prexudicar máis ao alumnado. Antonio Vázquez di que no anterior Pleno non se dixo que haxa problemas para atopar empresas que queiran alumnado, a moción á que fai referencia Antonio Estévez referíase ao alumnado con NEAE de FP básica, que aí é onde hai dificultades para que as empresas acollan a ese alumnado. Di que nestes momentos as empresas queren ao alumnado en prácticas. Por outro lado non pode permitirse que unha empresa non cumpra un Real Decreto, iso é inadmisibile. Ao mellor esixirillo a tódalas empresas onde se fai FCT igual é moito, pero polo menos deben ter o Plan de Igualdade naquelas empresas nas que se imparta FP DUAL, é o mínimo. Non ter un plan de igualdade neste tipo de empresas é algo moi grave, tanto que pensa que debería intervir inspección de traballo. É que non o teñan feito o 80% das empresas é moito.

Antonio Estévez di que el está de acordo con que as empresa deben ter o Plan de igualdade feito xa, pero o que non se pode é usar o sistema educativo e ao alumnado para todo, para facer neste caso que se cumpra unha lei. As empresas teñen interese en coller alumnado pero os centros tamén o teñen en que as empresas colaboren, e un interese mutuo. E pensa que se se quita o 80% das empresas as contas non saen.

Santiago Rodríguez respóndelle a Antonio Estévez dicindo que se está a por na situación de que esta situación persista. A idea é que non se mande alumnado se non fan o Plan de Igualdade, pero dáelle a opción de facer o Plan de Igualdade e así poderían acoller ao alumnado en prácticas.

Antonio Vázquez comenta que se non existira a FCT ou a FP DUAL a el non se lle ocorrería presentar esta moción, xa tería que ser a Consellería de Traballo ou a inspección de traballo quen se encargase dos Plans de Igualdade, pero que acollendo estas empresas a alumnos en formación, pensa que é totalmente lícito esixirille que o teñan. Non ten sentido que este alumnado estea nun centro no que hai un Plan de Igualdade e logo cursen parte da súa formación en empresas que non o teñen. Pero pensado ben, xa a Consellería non dá moito exemplo, porque Igualdade a día de hoxe na Consellería de Educación é unha persoa con nome e apelidos que está nunha dirección xeral e que aos centros cando teñen que facer o Plan de igualdade chaman e esta persoa dálles unha bibliografía, normas e instrucións sobre como facelo e nada máis. Máis alá diso non existe Igualdade dentro da Consellería.

Acordo

Apróbase por maioría de votos (11 a favor e 1 abstención) a moción sobre empresas que non teñan en vigor o Plan de Igualdade e o acollemento de alumnado de FCT e Ciclos de FP Dual.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 17 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.8.- Proposta de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a esixencia á Admón Educativa Competente para que dea resposta ás mocións do CEMV.

ANTECEDENTES:

A Lei 3/1986 de 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia aprobou a creación do Consello Escolar de Galicia, dos Consellos Escolares Territoriais e dos Consellos Escolares Municipais.

Desta lei interesa subliñar algúns aspectos:

O Preámbulo ou Exposición de motivos di: “Os Consellos Escolares Municipais regulados no título III están concibidos como peza básica e fundamental para unha eficaz instrumentalización da participación da Comunidade Escolar. Do mesmo xeito que no Consello Escolar de Galicia se procura a máis extensa participación social a nivel municipal subliñase a representatividade dos protagonistas directos de acción educativa para asegura-la fluidez de comunicación cos Consellos Escolares de centros e acadar, por outra banda, un alto nivel de interlocución co poder municipal”

Artigo 15. 1. “Os Consellos Escolares Municipais son os organismos de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario no ámbito municipal”.

Artigo 18. 1. “Os Consellos Escolares Municipais serán consultados pola Administración educativa e deberán ser consultados tamén polos respectivos Concellos sobre as seguintes cuestións:

- a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación ou calquera outra Administración Pública, que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.
- b) Actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.
- c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellora-lo rendemento educativo e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.
- d) Emprazamento de centros docentes dentro da demarcación municipal.
- e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes.
- f) Fomento das actividades tendentes a mellora-la calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ó medio.
- g) Competencias educativas que afecten ó ensino non universitario e que a lexislación outorgue ós municipios.

18



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/01/2023 12:41

Páxina 18 de 22

24898-332

CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

h) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do concello lle sexa consultado.

i) Na programación de investimentos en materia educativa.”

Artigo 20. “Os Consellos Escolares exercerán a súa función asesora ante a Administración correspondente e poderán elevar informes e propostas a calquera nivel relacionados con asuntos da súa competencia, especialmente sobre aspectos cualitativos do sistema educativo”.

TEXTO:

Diante disto, e tendo en conta que os Consellos Escolares Municipais son organismo de “interlocución” e de “asesoramento” coas Administracións, o CEMV esíxelle á Administración Educativa que dea resposta ás mocións que este Consello trasladou en consonancia co establecido na letra e o espírito da referida Lei.

Antonio Vázquez di que en todos os anos que leva funcionando o CEMV non se obtivo nin unha soa resposta. Lembra que cando demandan unha resposta non quere dicir que teñan que responder a todo positivamente, pero polo menos dicir que se recibiu e que se estudará. Que é o mínimo de respecto que debe terse.

Bertila Fernández pensa que esta é unha moción acertada xa que este é o foro educativo da cidade e non están aquí para perder o tempo nin para pasala tarde, e toparse sempre de fronte cun muro non é para nada agradable. É unha total falta de respecto. E sínteo de sobre maneira polo alumnado, que están con ganas de traballar e animados e para eles isto é descorazonador. Antonio Vázquez puntualiza que non só son un foro, son unha representación da comunidade educativa de Vigo e como tal merecen respecto. É increíble que en pleno século XXI un Consello Escolar teña que esixir que polo menos se lle conteste. Xa non é incumplir a lei, senón incumplir o espírito da lei

Santiago Rodríguez comenta que máis que palabras precisan feitos, actuacións, pero polo menos palabras, que é o mínimo que debe facerse.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre á esixencia á Admón Educativa Competente para que dea resposta ás mocións do CEMV.

4.9.- Moción de Joel Covelo Gallego, Conselleiro polo sector usuarios, representante do alumnado, a través da Comisión do alumnado sobre o funcionamento dos Consellos Escolares de centro.

ANTECEDENTES:

O pasado 16 de febreiro a Comisión do alumnado reuniuse cos representantes dos alumnos/as nos consellos escolares dos centros de Vigo. Non tivemos moita



participación, pero si que foi unha xuntanza moi frutífera. Un dos puntos a tratar na reunión foi como vían a súa participación nos consellos escolares de centro ao que contestaron, con total claridade, que a participación do alumnado nos consellos escolares esta a ser practicamente nula. Como nós xa imaxinabamos, e eles nolo confirmaron, as reunións das comisións dos consellos escolares dos centros son na gran maioría dos casos inexistentes, xa que non se reúnen ou non contan co alumnado para elas, a pesar de que segundo o establecido no artigo 45 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, o alumnado debe ter un representante en cada comisión.

No mesmo Decreto, no artigo 44, establécense as atribucións dos Consellos Escolares, sendo unha delas “resolva-los conflitos e impoñe-las correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas conductas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro, de acordo coas normas que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”. A nosa experiencia é que cando se produce algún conflito nos centros educativos, as decisións acerca das correccións que hai que impor tómaas o equipo directivo, e en ningún caso se convoca ao Consello escolar nin a ningunha das súas comisións (comisión de convivencia, disciplinaria,...) para que resolvan o conflito, co cal se vai en contra do establecido no mencionado Decreto.

Por outra banda, na xuntanza tamén se nos trasladou que non sempre os/as alumnos/as teñen claras as súas funcións dentro do consello escolar de centro, e das comisións que emanan del. O que o alumnado representante nota na maioría das veces é un total abandono por parte dos centros, que non se preocupan de que o alumnado estea formado para poder chegar a ter unha participación óptima no consello. Isto impídenos cumprir rigorosamente co noso traballo, que é o de representar a unha parte que non sempre é escoitada polo entorno educativo, pese a ser a parte mais implicada, o futuro, o alumnado.

TEXTO:

Para buscar unha solución e conseguir una participación óptima do alumnado no consello escolar dos centros, solicitámoslles :

- que a administración competente garanta que tódolos centros cumpran coas normas de funcionamento dos consellos escolares, contando sempre coa presenza obrigatoria do alumnado na súa representación e que as comisións dos consellos escolares de centro se reúnan con unha certa periodicidade.
- que a administración competente garanta que se cumpran as atribucións dos Consellos Escolares de centro, especialmente no referido á resolución de conflitos e imposición de correccións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 20 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- que a administración competente garanta que se informe aos representantes do alumnado de tódalas súas funcións dentro do consello, permitindo que leven a cabo a súa labor do mellor xeito posible

Antonio Estévez, di que está de acordo coa moción pero que lle gustaría puntualizar algunhas cousas. O alumnado ten garantida a presenza nos Consellos Escolares sempre e cando se presente o alumnado. Moitas veces o que pasa é que non hai alumnado que se presente ou o que se presenta remata os estudos e se non hai lista de espera, non se pode cubrir esa vacante.

Ademais disto, Antonio Estévez, comenta que a norma á que se fai referencia no texto, o Decreto 324, é do ano 1996 e, aínda que segue en vigor, ten moitos artigos derogados, como o 44 que se menciona. Na actualidade, artigo 127 da LOMLOE di que entre as competencias do Consello Escolar está a de “Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente. Cando as medidas correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais ou, no seu caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propor, no seu caso, as medidas oportunas.” O Alumnado como di a lei o Consello escolar pode solicitar unha revisión, pero non é encargado das sancións.

Joel Covelo di que se ese artigo está derogado que o poden retirar, pero o certo é que independentemente dese artigo, tampouco se están a cumprir as atribucións que ten o alumnado dentro dos Consellos, non se lles informa de nada, non se convocan as Comisións preceptivas, das que forman parte,... Ademais, as direccións non saben se por falta de tempo ou interese tampouco convocan ás Xuntas de Delegados. E con respecto ao que comentou Antonio Estévez sobre a falta de candidaturas por parte do alumnado, di que isto pode ser por falta de interese pero que principalmente é por descoñecemento do alumnado. Se as direccións fixeran o traballo de informar ao alumnado acerca dos Consellos e do que implica a participación neles, está seguro de que a participación será máis alta. É por todo isto que se presenta a moción, instando á Administración para que controle que se cumpra a lei.

Bertila Fernández comenta que é evidente a falta de participación do alumnado, e que neste caso, está respaldado por un traballo de campo feito polo Grupo do Alumnado no que se detectan estas situacións. Lembra que por exemplo as Comisións de Convivencia teñen un labor moi importante, sobre todo no que é o traballo preventivo, e non é normal que tendo esta ferramenta non se utilice e non se lle dea a importancia que realmente ten.

Santiago Rodríguez di que en todo caso a participación é moi necesaria e que formar á mocidade na participación é fundamental.

Antonio Vázquez recalca para rematar algo que comenta Joel acerca de que as Xuntas de Delegados que parecen estar desaparecidas na maioría dos centros e a nivel xeral. Pode que para unha cuestión puntual se convoque aos delegados, pero Xunta como tal, con elección a principio de curso, con dereito a reunións trimestrais, con posibilidade de reunirse segundo a necesidade,... iso non está funcionando. E posiblemente sexa porque a participación cada vez se abandona máis e non se está a fomentar nin a formar á mocidade como di Santiago, e é moi necesario que se incentive a participación. Neste Consello Escolar Municipal deuse

21



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/01/2023 12:41	Páxina 21 de 22
24898-332	CSV: AFACB7-E1CDC5-4F8FCD-2BPMK8-ULFB9R-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

un paso adiante moi importante, do que se deben sentir todos moi orgullosos, que foi a creación da Comisión do alumnado, cuns resultados extraordinarios. O alumnado está participando activamente e facendo valer os seus dereitos e iso é moi bo para todos, incluídos para os que son máis veteranos que lles serviu para estimulalos e facerlles pensar en cousas que se eles non estiveran alí posiblemente darían por feitas. Aproveita neste momento, e tendo en conta que é o último Pleno do curso e que algún dos membros do alumnado deixa o órgano por estar en 2º de BACH, para agradecerlles e felicitalos polo traballo feito, desexándolles toda a sorte na EBAU e no camiño que elixan seguir. O alumnado presente dálle as grazas a Antonio e ao resto dos compañeiros polas súas palabras.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre o funcionamento dos Consellos Escolares de centro coa eliminación do segundo parágrafo que fai referencia ao artigo derogado.

5.- Preguntas e suxestións.

Sen máis asuntos que tratar, o vicepresidente deséxalle aos presentes un bo remate de curso e unhas boas vacación. Remata a sesión ás 19:27h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Gorka Gómez Díaz

